



CONCELLO DE BEGONTE

Praza Irmáns Souto Montenegro nº1
27373 Begonte
Tfno. 982 396 143 /Fax: 982 396 027
Email: info@concellodebegonte.es

ANUNCIO

CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á ELABORACIÓN DO PROXECTO DE ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DE MADRUGADORES.

De conformidade co disposto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no proceso de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza Fiscal Municipal Reguladora do prezo público polo sevizo de madrugadores , levase a cabo a correspondente consulta pública a través do portal web do concello e recabase a opinión dos suxeitos e das organizacións mais representativas potencialmente afectados pola futura norma, para que no prazo de dez (10) días naturais - a contar desde a publicación do anuncio - se pronuncien respecto dos problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

As opinións e suxerencias poderán presentarse en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da dita Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Begonte, a 26 de maio de 2020
O Alcalde



Cod. Validación: HPDZ3hZJKR4LJNYW6E2N53ZQ2 | Corrección: <https://begonte.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1